



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



*Resolución do 12 de novembro de 2020 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de **profesores técnicos de formación profesional, especialidade de cociña e pastelería (591201)**.*

Por unha resolución do 30 de xuño de 2020, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores técnicos de formación profesional, **especialidade de cociña e pastelería (591201)**.

Por unha resolución do 28 de outubro de 2020, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, aprobouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións no corpo de profesores técnicos de formación profesional en diversas especialidades, entre outras a de **cociña e pastelería (591201)** e publicáronse no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Logo de rematado o prazo para formular reclamacións contra as citadas relacións provisionais e revisadas as reclamacións que formularon as persoas interesadas, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no citado procedemento, e facelas públicas no portal da Internet desta consellería, de acordo co disposto na base sétima da convocatoria.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores técnicos de formación profesional, **especialidade de cociña e pastelería (591201)**.

Segundo. Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, www.edu.xunta.gal da relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e do baremo definitivo (<https://www.edu.xunta.es/substitutoslistas>) indicado no apartado anterior.

 Xacobeo 2021





Terceiro. Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no citado portal, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, ante o xulgado do contencioso-administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

